

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020143	de Poio	Poio	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
AFD	Actividades físicas e deportivas	CMAFD02	Guía no medio natural e de tempo libre	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1329	Organización de itinerarios	2022/2023		133	

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA ISABEL GUTIÉRREZ MATILLA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Valora o contexto de intervención das actividades guiadas no medio natural e analiza a información relevante para o deseño de itinerarios
RA2 - Selecciona os elementos relevantes para o deseño de itinerarios e interpreta representacións cartográficas
RA3 - Deseña itinerarios polo medio natural, tendo en conta a relación da zona, os medios dispoñibles e o perfil do grupo co servizo demandado
RA4 - Establece os recursos necesarios para a realización do itinerario analizando o tipo de actividade e os intereses das persoas participantes
RA5 - Planifica protocolos de seguridade para os itinerarios no medio natural determinando as condutas e os recursos necesarios
RA6 - Deseña o proceso de seguimento do percorrido especificando o tipo de datos necesarios para incorporar melloras a este

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Detalláronse os procedementos de procura, de procesamento, de organización e de arquivamento da información para a preparación do itinerario
CA1.2 Analizáronse as características xeográficas, xeolóxicas, socioeconómicas e biolóxicas do contorno sobre o que se vai deseñar o itinerario
CA1.3 Aplícase a normativa ambiental relativa á planificación de itinerarios no medio natural
CA1.4 Analizáronse os factores que condicionan a dificultade e o grao de perigo dos percorridos
CA1.5 Analizáronse os puntos de interese de patrimonio natural e/ou cultural para o deseño da actividade
CA1.6 Descríbense os perfís dos grupos de participantes en actividades recreativas no medio natural
CA1.7 Amosáronse actitudes de respecto e interese pola protección do medio natural
CA2.1 Interpretáronse os elementos e a simboloxía dun mapa topográfico
CA2.2 Explicáronse as características dos percorridos a partir da representación cartográfica
CA2.3 Calculáronse desniveis, distancias lonxitudinais e pendentes a partir de mapas de diferentes escalas
CA2.4 Detalláronse os códigos gráficos que indican os puntos ou tramos do itinerario con maior dificultade e grao de perigo
CA2.5 Calculáronse rumbos e acimuts
CA2.6 Elaboráronse perfís topográficos
CA2.7 Interpretáronse perfís topográficos
CA2.8 Localizáronse posibles zonas de evacuación ante incidencias en percorridos de grupos pola zona
CA3.1 Caracterízase o grupo e as dificultades asociadas aos tipos de diversidade funcional
CA3.2 Determináronse os puntos de inicio e de finalización do percorrido en distintos formatos de coordenadas

Criterios de avaliación do currículo

CA3.3 Trazáronse a distancia, os desniveis e as dificultades do percorrido adaptados aos perfís das persoas participantes

CA3.4 Establecéronse os tempos de ruta, de descanso e de actividades complementarias

CA3.5 Deseñáronse rutas alternativas nos puntos conflictivos da ruta prevista

CA3.6 Localizáronse os puntos de evacuación e vías de escape

CA3.7 Incluíronse puntos de interese de patrimonio natural e/ou cultural

CA3.8 Detallouse os puntos de avituallamento para o itinerario

CA3.9 Planificáronse actividades recreativas en función da intensidade do percorrido e dos perfís das persoas participantes

CA3.10 Utilizáronse as tecnoloxías da información e da comunicación no deseño de itinerarios

CA4.1 Descríronse os procedementos de obtención de permisos de acceso, de circulación e de pasada da noite para a zona onde se realiza a actividade

CA4.2 Detallouse a loxística da actividade, tendo en conta a participación de persoas con diversidade funcional

CA4.3 Prevíronse os espazos e os medios necesarios para o percorrido e para as actividades recreativas

CA4.4 Elaborouse un libro de ruta co programa da actividade, co perfil topográfico, cos puntos referentes para a orientación e cos puntos significativos do itinerario

CA4.5 Calculáronse as provisións para cubrir os requisitos de hidratación e de alimentación do grupo

CA5.1 Identifícanse os perigos de tipo obxectivo e subxectivo

CA5.2 Planificouse o itinerario baixo os parámetros da prevención de accidentes

CA5.3 Previuse o equipamento de seguridade individual e colectiva en función das condicións do percorrido

CA5.4 Detalláronse as medidas específicas de seguridade en función do percorrido, do grupo e da situación

CA5.5 Estableceuse o procedemento de actuación ante condicións adversas no itinerario

CA5.6 Concretouse a actuación que deben seguir cada participante e o grupo en situacións de perigo

CA5.7 Explicouse o procedemento de coordinación cos servizos de emerxencia da zona

CA5.8 Xustificouse o uso ou a evitación dos accidentes do terreo fronte a fenómenos atmosféricos adversos

CA5.9 Valorouse a importancia da minimización de riscos no medio natural

CA6.1 Seleccionáronse formas de rexistro de datos sobre as reaccións do grupo e do/da técnico/a, e sobre a súa progresión no itinerario e nas actividades

CA6.2 Deseñáronse instrumentos para recoller as incidencias cuanto ao axuste da ruta respecto ao itinerario previsto

CA6.3 Recolléronse datos sobre a adecuación dos equipamentos e dos materiais utilizados na actividade

CA6.6 Aplícase a normativa ambiental e de prevención de riscos laborais no deseño de itinerarios

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Valora o contexto de intervención das actividades guiadas no medio natural e analiza a información relevante para o deseño de itinerarios
RA2 - Selecciona os elementos relevantes para o deseño de itinerarios e interpreta representacións cartográficas
RA3 - Deseña itinerarios polo medio natural, tendo en conta a relación da zona, os medios dispoñibles e o perfil do grupo co servizo demandado
RA4 - Establece os recursos necesarios para a realización do itinerario analizando o tipo de actividade e os intereses das persoas participantes
RA5 - Planifica protocolos de seguridade para os itinerarios no medio natural determinando as condutas e os recursos necesarios
RA6 - Deseña o proceso de seguimento do percorrido especificando o tipo de datos necesarios para incorporar melloras a este

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Detalláronse os procedementos de procura, de procesamento, de organización e de arquivamento da información para a preparación do itinerario
CA1.2 Analizáronse as características xeográficas, xeolóxicas, socioeconómicas e biolóxicas do contorno sobre o que se vai deseñar o itinerario
CA1.4 Analizáronse os factores que condicionan a dificultade e o grao de perigo dos percorridos
CA1.5 Analizáronse os puntos de interese de patrimonio natural e/ou cultural para o deseño da actividade
CA1.6 Descríronse os perfís dos grupos de participantes en actividades recreativas no medio natural
CA2.1 Interpretáronse os elementos e a simboloxía dun mapa topográfico
CA2.7 Interpretáronse perfís topográficos
CA3.8 Detallouse os puntos de avituallamento para o itinerario
CA3.10 Utilizáronse as tecnoloxías da información e da comunicación no deseño de itinerarios
CA4.5 Calculáronse as provisións para cubrir os requisitos de hidratación e de alimentación do grupo
CA5.3 Previuse o equipamento de seguridade individual e colectiva en función das condicións do percorrido
CA6.2 Deseñáronse instrumentos para recoller as incidencias cuanto ao axuste da ruta respecto ao itinerario previsto
CA6.3 Recolléronse datos sobre a adecuación dos equipamentos e dos materiais utilizados na actividade
CA6.4 Analizáronse os aspectos que poden ser considerados incidencias que afectan a seguridade da actividade
CA6.5 Confeccionouse un modelo de informe baseado nas fichas de valoración, no programa e nas propostas de mellora

3. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Valorar o contexto de intervención das actividades guiadas no medio natural e analizar a información relevante para o deseño de itinerarios.

- Detallar os procedementos de procura, de procesamento, de organiza-ción e de arquivamento da información para a preparación do itinerario.
- Analizar as características xeográficas, xeolóxicas, socioeconómicas e biolóxicas do contorno sobre o que se vai deseñar o itinerario.
- Aplicar a normativa ambiental relativa á planificación de itinerarios no medio natural.
- Analizar os factores que condicionan a dificultade e o grao de perigo dos percorridos e os puntos de interese de patrimonio natural e/ou cultural para o deseño da actividade.
- Describir perfís dos grupos de participantes en actividades recreativas no medio natural e amosar actitudes de respecto e interese pola protección do medio natural.
- Seleccionar os elementos relevantes para o deseño de itinerarios e interpreta repre-sentacións cartográficas e interpretar os elementos e a simboloxía dun mapa topográfico.
- Explicar as características dos percorridos a partir da representación cartográfica e calcular desniveis, distancias lonxitudinais e pendentes a partir de mapas de diferentes escalas.
- Detallar os códigos gráficos que indican os puntos ou tramos do itinerario con maior dificultade e grao de perigo e calcular rumbos e acimuts.
- Elaboráronse e interpretar perfís topográficos.
- Localizar posibles zonas de evacuación ante incidencias en percorridos de grupos pola zona e deseñar itinerarios polo medio natural, tendo en conta a relación da zona, os me-dios dispoñibles e o perfil do grupo co servizo demandado.
- Caracterizar o grupo e as dificultades asociadas aos tipos de diversidade funcional e determinar os puntos de inicio e de finalización do percorrido en distin-tos formatos de coordenadas.
- Trazar a distancia, os desniveis e as dificultades do percorrido adaptados aos perfís das persoas participantes e establecer os tempos de ruta, de descanso e de actividades complementarias. Deseñar rutas alternativas nos puntos conflitivos da ruta prevista. Localizar os puntos de evacuación e vías de escape e Incluir puntos de interese de patrimonio natural e/ou cultural.
- Detallar os puntos de avituallamento para o itinerario e planificar actividades recreativas en función da intensidade do percorrido e dos perfís das persoas participantes.
- Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación no deseño de itinerarios e establecer os recursos necesarios para a realización do itinerario analizando o tipo de actividade e os intereses das persoas participantes.
- Describir os procedementos de obtención de permisos de acceso, de circulación e de pasada da noite para a zona onde se realiza a actividade e detallar a loxística da actividade, tendo en conta a participación de persoas con diversidade funcional.
- Prevenir os espazos e os medios necesarios para o percorrido e para as actividades recreativas e elaborar un libro de ruta co programa da actividade, co perfil topográfico, cos puntos referentes para a orientación e cos puntos significativos do itinerario.
- Calcular as provisións para cubrir os requisitos de hidratación e de alimentación do grupo e planificar protocolos de seguridade para os itinerarios no medio natural determinando as condutas e os recursos necesarios.
- Identificar os perigos de tipo obxectivo e subxectivo e planificar o itinerario baixo os parámetros da prevención de accidentes.
- Prevenir o equipamento de seguridade individual e colectiva en función das condicións do percorrido e detallar as medidas específicas de seguridade en función do percorrido, do grupo e da situación.
- Establecer o procedemento de actuación ante condicións adversas no itinerario e concretar a actuación que deben seguir cada participante e o grupo en situacións de perigo.
- Explicar o procedemento de coordinación cos servizos de emerxencia da zona e xustificar o uso ou a evitación dos accidentes do terreo fronte a fenómenos atmosféricos adversos.

- Valorar a importancia da minimización de riscos no medio natural e deseñar o proceso de seguimento do percorrido especificando o tipo de datos necesarios para incorporar melloras a este. - Seleccionar formas de rexistro de datos sobre as reaccións do grupo e do/da técnico/a, e sobre a súa progresión no itinerario e nas actividades.
- Deseñar instrumentos para recoller as incidencias cuanto ao axuste da ruta respecto ao itinerario previsto.
- Recoller datos sobre a adecuación dos equipamentos e dos materiais utilizados na actividade.
- Analizar os aspectos que poden ser considerados incidencias que afectan a seguridade da actividade.
- Confeccionar un modelo de informe baseado nas fichas de valoración, no programa e nas propostas de mellora.
- Aplicar a normativa ambiental e de prevención de riscos laborais no deseño de itinerarios.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os alumnos teñen que sacar ao menos un 6 sobre 10 na parte teórica, sendo o 10 a nota máis alta, e o mesmo para a parte práctica. Seguindo o establecido nos criterios de cualificación das programacións presenciais.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Para realizar a primeira parte da proba que constará de preguntas curtas e unha longa e de deseño dos itinerarios, cálculo de pendentes, acimuts e declinacións, escalas, coordenadas, elaboración de perfís, e deseño de rutas. O alumnado terá que utilizar calculadora científica, escuadra e cartabón.

O instrumento principal será a utilización de diferentes mapas topográficos. A avaliación vendrá dada por unha rubrica descriptiva e numérica nas preguntas curtas e no deseño dos itinerarios, así como na avaliación da pregunta longa, onde terán que exponerse os coñecementos restantes sobre perigos, concesións permisos, diversidade, primeiros auxilios, datos de cultura e patrimonio, botánica e fauna.

4.b) Segunda parte da proba

Nesta segunda parte o alumnado terá que ir previsto do material de montaña requerido para a realización dun itinerario previsto e realizar as probas que se lle pidan nas estacións. Todas as probas estarán relacionadas coa primeira parte teórica e os seus contidos. O material como compás e o mapa serán proporcionados polo profesor, pero o material persoal de equipamento como vestimenta non, e será necesario para a súa realización por motivos de seguridade.

Os instrumentos de avaliación serán rúbricas descriptivas e numéricas detalladas sobre a realización del itinerario e a superación de sus fases.